# A NOSA TERRA

Año XXXIX — Núm. 495

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual Nº 376.979

CORR. ARGE. Cent. B

FRANQUEO PAGADO Concesión 2032

TARIFA REDUCIDA Concesión 2727

Bós Aires, Xuño de 1955

## Diante do 19o. Aniversario do Estatuto Galego

O cumprirse un novo aniversario da grande e trascedental manifestación de vontade do povo galego que o histórico 28 de Xuño votou unanimemente o Estatuto Autonómico, non imos a limitarnos a lembrar ese feito, nin tampouco imos a pedir que, rescatada a independenza d'Hespaña, se aprique o Estatuto votado fai dezanove anos. Non.

Afirmamos que Galiza ten superada a etapa que xustificaba o seu Estatuto Autonómico; que xa non é o réxime de delegación de poderes por parte do poder central no "seu axente" o governo da **rexión**, senón o pleo reconecimento de Galiza como persoalidade nacional formando con Cataluña, Castela i Euzkadi, unha Federación Ibérica de Nacións.

E' por elo, que neste novo aniversario do Plebiscito Autonómico, os galegos que vivemos fora da Terra, somos os únicos que podemos expresar doadamente os nosos sentimentos nacionáis e temos pol-o tanto, a obriga moral de facelo con toda craridade e patriotismo. Emporiso, que debemos estar axexantes a todo aquelo, que leve as nosas fías a confusión e o desánimo.

Os galegos sabemos moi ben, que a liberdade da nosa Terra está condizoada a liberdade d'Hespaña; que namentras o totalitarismo franquista se manteña no poder, as nosas arelas patrióticas acarón dunha Galiza ceibe, terán de sere postergadas, i é asín, que debemos de manternos rexos e implacábeis cos verdugos dos nosos mártires e a liberdade do noso povo, coutando de raíz toda filtración falanxista no seo das nosas institucións e facer chegar o mundo, a nosa ergueita voz galega de repudio o funesto rexime que asoballa a nosa Terra.

Mais non esquezamos nin por un so intre, que esta ergueita voz galega de repudio o verdugo do noso povo e da sua liberdade, há levar o noso enxebre acento galego, e non admitiremos ourentadores alleos que teimen desvirtualo valéndose da súa condición de expendedores **"eiscrusivos"** da democracia.

Os galegos sabemos moi ben, que desaparescido o réxime de Franco en Hespaña, o povo galego se quer sere livre, terá que loitar rexamente, acedamente, pra vencer "a sagra unidade da Patria" que aniña en cada hespañol por moi republicán e demócrata que se manifeste.

Lembremos os suterfuxos, as demoras e as condicións antidemocráticas que os homes da República nos impuxeron pra plebiscitar o noso Estatuto; e lembremos tamén, como foi burlada a soberán vontade do povo, valéndose de maniobras e aititudes curialescas que impediron que o Estatuto fose apricado, o que fixo, que producida a sublevación franquista, Galiza ficara inerme, sen defensa, nas poutas dos militares sublevados. E correron ríus de sangue mártir como subrime tributo á liberdade da Patria Galega e de lealdade a República.

Poren sabemos que o sangue xeneroso dos nosos mártires se non verquen eu van. A semente xermolou no esprito do povo e chegado o intre, a voz da terra xurdirá potente recramando os seus dereitos.

**DO ESTATUTO DE GALIZA**

**....O artigo 6º do Estatuto de Galiza establece que "os dipuados da Asamblea lexislativa galega gozarán de inmunidade pol-os votos e opinións que emitan no exercicio do seu cárrego; o seu mandato poderá ser revocado pol-os eleitores mediante os requisitos que estableza unha lei especial".**

Deste xeito Galiza remataría con ese tipo de diputado que todo promete denantes da eleición e logo, outido o cárrego, entrégase a intreses alleos a Terra, supeditando os intreses dos seus eleitores as comenencias de eistranos.

## O Franquismo Fai Circular Voantes nos cuais se Ataca o Idioma Galego

O voante que reproduscimos subraiado o pé d'imprensa, é unha proba —antre tantas— concruínte de como o totalitarismo hespañol persigue ô idioma galego na Terra. E non se trata neste caso dun intento illado de persoas irresponsábeis, que é o Estado hespañol na sua teima imperialista e reaicionaria castelán, d'aniquilar por todol-os meios ô seu alcance, o máis caraiterístico i espritoal dun povo, o seu idioma.



HABLE BIEN

*Sea Patriota - No sea bárbaro*

Es de cumplido caballero, que Vd. hable nuestro idioma oficial o sea el castellano. Es ser patriota.

VIVA ESPAÑA Y LA DISCIPLINA Y NUESTRO IDIOMA CERVANTINO

¡ARRIBA ESPAÑA!

O groseiro e chabacano texto do voante en custión, que aparés siñado co pé d'Imprensa da "Imprenta Sindical de La Coruña" fala d'abondo da persecución que sofre o noso idioma máis, si se ten en conta que este feito prodúcese na Coruña, a Capital de Galiza, cidade d'entranábeis tradicións galeguistas e liberais.

Pro é que o falanxismo que ven sendo o trebón desatado do imperialismo castelán que vía perigar o seu imperio peninsular coa República pol-o camiño das Autonomías; que se non detivo diante do asesiñato de Alexandro Bóveda e de milleiros de patriotas que arelaban unha Galiza millor e máis galega pol-o vieiro da liberdade; que teimou afogar en sangue mártir os ideáis dun povo, ô tempo decátase adoecido, do inútele da súa criminosa aición diante dun povo que camiña sereo aprol do seu destiño e que ren o deterá, até conquerir a súa plea liberdade.

De calisquera xeito, o voante en custión, non é outra cousa, que unha proba da debilidade do falanxismo acarón do problema nacional galego. Porque certamentes é pavero que todo un Estado totalitario que ten nas súas mans todol-os resortes coercitivos e de represión, se vala deses meios fronte on povo indefenso.

Fai cousa dun ano, que na revista católica arxentina "Criterio", de grande espallamento no mundo de fala castelán, o poeta arxentino Francisco Luis Bernardez, pubricou un enxundioso artigo de protesta pol-a perseguizón de que é ouxeto ô Idioma Galego na Terra.

No dito artigo, o escritor eistendiase en formáis consideracións encol do ilustre idioma de Galiza; da maravillosa eclosión literaria no meioevo representada nos Canzoeiros e, no eistraordinario renascimento que, iniciado a meiados do século XIX, deu figuras da proxeición universal de Rosalía, Curros e Pondal, e mantida esta liña de creación literaria por poetas da outa calidade de Amado Carballo, Manoel Antonio, Cabanillas, etc. E finda o señor Francisco Luis Bernardez acusando ô Governo do xeral Franco do delito de Lesa Cultura contra un povo e un ilustre idioma que tan outos valores aportou a cultura universal.

Como era d'esperar, dada a persoalidade inteleitual do ilustre poeta arxentino e, a responsabilidade da pubricación, o asunto produxo grande revóo nos meios inteleituáis d'América i Hespaña e a contestación se non fixo esperar. O Instituto de Cultura Hispánca respostou pol-o intermeio do señor Mostaza cun brulote moi "a la española": negando todo e arremetendo contra todo.

Había de trascurrir moi pouco tempo deste sucedido, cando os nemigos da liberdade de Galiza e da súa cultura habían de pôr nas nosas mans unha proba material que é todo un alegato que pon ô roxo vivo, a perseguizón de que é ouxeto o idioma galego na nosa Terra.

## Alberto Insúa i-a Prosa Galega

Días pasados, nunha nota enviada ao xornal "La Prensa" de Bos Aires, o escritor Alberto Insua, anuncianos ledizosamente que o goberno hespañol acaba de crear a catedra de Lingua e Literatura galegas "Rosalía Castro" na Universidade de Madrid. Ben sabemos que esta intrascendente e non sentida concesión á nosa Terra, obedece a unha brosma e calculada argucia política; algo así coma unha cortiña de fume para tapar a sañuda i-efeitiva persecución ao noso idioma prócer na mesma Galiza. Nembargantes, pensa o escriter devandito, que semellante "acontecemento" "intresará e compracerá aos galegos residentes na Arxentina". ¡Cánta inxeleza a de Don Alberto!

En verdade a noticia no nos intresa ren; sóanes a bulra i-a sarcasmo. Pro intresanos o comento engadido do escritor, pol-as imprecisions i-esquezos fundamentaes que pon de noto e disfiguran a nosa realidade. Pol-a insinceridade que verque ao plantexar o porqué da falla dunha prosa galega. A causa de que haxa poucos prosistas galegos, parés preocuparlle a Don Alberto —iñorancia simulada?— de cote tan ciumoso das verdades históricas. E mester decir que dende a cibdade onde vai a "funcionar" esa tal cátedra —da cal agarda o Sr. Insua a develación de tan difícil custión histórica—, non é doado despacharse craramente encol dun problema que ten as súas raíces no secular sometimento político de Galiza. Mais non somos culpabeis de que a Don Alberto lle dé por meterse en semellantes fonduras. Entroques, recomendámolle acuda a refrescar a memoria ás páxinas maxistraes escritas por Castelao. Nelas, de seguro, non somentes atopará a verdadeira resposta ao porqué que procura, senón que comprobará a presencia da prosa galega.

..Non quixéramos enxuiciar ao autor de "El negr oque tenía el alma blanca". Pro as súas verbas cheas de retertas ambiguedades, delátano tamén coma nemigo da reivindicación da nosa persoalidades asoballada e, por ende, do noso idioma.

Asistimos a unha persecución sistemática i-a unha campaña de menosprecio da lingua galega —sin que sepamos da protesta do novelista de marras. Ao seu impulso derradeiro no ensaio, na crítica, na biografía..., reaxe o Estado hespañol violentamente prohibindo o seu uso. Por outra banda a tradizoal xenreira hespañola a Galiza, vota a rolar pol-o mundo untópico novo de menosprecio á fala vernácula. A historia volta a repetirse. Noutros tempos dixeron: "Galiza nunca fertil en poetas: O renascer da nosa fala na lirica —no comenzo a mesma concencia de Galiza,— enriquecido agora con mañíficas traducións, inacadábeis no idioma "imperial", invalidan aquele ferinte insulto e certifican a súa notabel e fermosa vitalidade espresiva. Pro a falla dunha vasta prosa galega crén lle da pé, valimento a un falso argumento, e veñer a decir: "a lingua reqional galega carés de calidades para a prosa, i-os seus mesmos escritores

(Pasa pax. segunda)

# GRANDE AITO CONMEMORATIVO

## DO 19 CABODANO DO PLEBISCITO GALEGO

A REALIZARSE O DIA 28 DE XUNIO AS 21.30 Hs.

NO CASAL DO CENTRO PONTEVEDRES: SARANDI 847

ENTRADA LIBRE

RA 29/8





OS "RABANITOS HESPAÑOIS ceibaron o mercado pra o consumo interno i eisterno, a súa "constitución". E pol-o que se olla, é unha "constitución lamar de pavera porque conveñamos en que os "rabanitos" hai que ollalos o traveso do ridículo.

Por exempro: a custión relixosa (católica) enxérgana asin: "Considerando que o povo hespañol é fondamente relixoso, si ben compre o arredamento da Eirexa do Estado, éste subencionaria ô clero pra boa marcha da relixón...

Nós, que coñecemos d'abondo ôs "rabanitos", non perdemos as espranzas d'ollar a Doña Dolores e demáis capitostes, concurrir a misa de once — que é a de máis postín — portando moi homildosos unha fermosa vela rizada pra millor alumear os seus pecados...

---

**SEXA COMO QUEIRA**, esta pavera aititude dos "rabanitos" respañois non nos colle de solpresa, porque lembraivos daquela famosa "Unión Democrática contra Franco e Falanxe" na que se facía un chamado os militares, grevos e requités (¡meigas fora!) a entraren nese orgaismo de marras.

E os cregos, militares e requetés, nin ¡chio!...

---

**ANUNCIAN DE MADRI**, que o axente fiscal eispideuse contra sote acusados por falsificar 2.764 vales de nafta por un total de 56.000 litros e pide pra os coitados, a pena de reclusión de —¡asombráivos!— ¡¡6.792 anos!! pra cada un dos falsificadores, o que lle ven tocando, según as nosas contas, a oito litros e pico per cápita e por ano...

Nós non sabemos se os coitados porán cumprir tan bárbara condena pro de calisquera xeito, canto más lles valera habérense bebido a nafta

---

**SEGUN NOS INFORMA** o cable o cardenal Segura (¡vade retro!) estivo nas derradeiras boquexadas e sentíndose morrer, as últimas verbas que verqueu o "santo varón", foron de perdón pra os seus nemigos... (?)

Isto fainos lembrar a aquele famoso xeral hespañol do século pasado quen, no intre de morrer, o preguntarlle o confesor se perdoaba os seus nemigos, respostoulle moi solto de corpo:

—Yo no tengo ningun enemigo, padre.

—Pero como, hijo mio — dixolle o crego, moi melifluo — te atreves a decir en la hora de la muerte que no tienes enemigos?

—Muy sencillo, padre. Porque los fusilé a todos...

E pechou os ollos...

---

MIRAGRE DO REXIME FRANQUISTA... Segun informa "LA VOZ DE GALICIA" da Coruña, o governador civil señor Del Valle, fixo entrega en Riocereixa (Lugo) ô agricultor Xesús Campo, dun donativo de tres mil pesetas que lle foi concedido pol-o xefe do Estado hespañol como premio por habere dado a lús, (?) recentemente, tres fermosos varóns, os cuais, como asimesmo o señor Xesús Campo. según afirma o corresponsal, gozan d'eiscelente saude, sendo moi felicitados pol-os veciños do lugar e xentes de toda a provinza que chegan en romería a presenciar o fenómeno...

---

**INFORMAN DAS HESPAÑAS**, que o sinistro Escorial está sendo devorado por un imenso exército de formigas xigantes que ameazan a sua estabilidade; e o goverao franquista, preocupadísimo pol-a situación por que atravesa o moimento, votou tres millóns e meio de pesetas pra combatillas.

Equipos d'inxenieiros traballan noite e día pra ver de salvar o tétrico edifizo que ameaza derrubarse, e, as xentes supertizosas do lugar, afirman que son os vermes de Felipe II que convertidos en formigas xigantes ameazan con invadir toda Hespaña...

---

¡ALELUYA, ALELUYA! Xa temos outro embaixador franquista antre nós. Un embaixador noviño do trinque que nos mandan de Colombia, e que se chama Don José Maria de Alfaro y Polanco, (¡olé!)

E según din os que o coñecen, a súa eiscelenza pronuncia con muito garbo as cés e as zetas; que é moi bon mozo e que nasceu en Burgos... (isto xa non nos gosta).

Tamen se afirma que é colaborador de "ARRIBA" i "EL SOL" e foi direitor das revistas falanxistas "VERTICE", "ESCORIAL" e "FE". Ademais fai versos. (O dos versos é a tapadeira.

Como vedes, todo un peixe gordo deses que hai que sair mar afora armados dun chuzo pra pillalo...

---

**DE TODOL-OS XEITOS** sexamos corteses.

Señor embaixador de Paco I, Caudillo pol-a gracia de Deus, dos reinos de Castela, León, Navarra, Andalucía, Valencia e Galiza; do Condado de Barcelona e do señorío de Vizcaya, da Extremadura, das Illas Baleares, Canarias e do Mar Océano: teima a súa eiscelenza radicarse moito tempo antre nós, nesta acolledoira cidade de Santa María do Bon Aire?

De así pensalo, imolle a dare un bon consello: como decote vai a sere agasallado, non repare na paella valenciana, nin na fabada asturiana, nin no cocido a madrileña, tampouco no gazpacho cañí, pro teña a sua Eiselenza moito ollo co lacón con grelos que lle é moi indixesto...

LOURENZO FRAGOSO.

Nuñez Hnos.
FABRICA DE BOTONS — MERCERIA
ALSINA 1214 T. E. 38-1592

# A Vontade Nacional de Galiza Eispresada a Traves do Tempo

**Dende a morte do Mariscal Pardo de Cela a "doma e castración" de Galiza, disposta pol-os Reis Católicos, sumira a nosa Terra n-unha orfandade nunca vista. Galiza viu esmorecer o seu posto lumioso entre os povos d-aqueles tempos i-o seu esprito creador ficou desourentado pol-as direitivas alleas que se nos querían impor. Non embargantes, a nosa persoalidade diferenciada non sucumviu as imposicións alleas. O noso povo, orfo de xentes reitoras que interpretaran o séu pensamento soupo gardar garimoso e concentrado as máis puras esencias nacionaes, que nun intre grorioso os Precursores souperon desenterrar puras e cristaiñas do cerne da alma galega.**

**A noite vivida pol-o noso povo foi longa i-escura, até chegar a esquecerse o seu pasado lumioso. Galegos ilustres como o Conde de Gondomar e os frades Sarmiento e Feijoo loitaron contra a inxusticia que se viña cometendo con Galiza e puxeron de manifesto o pasado grorioso do noso povo; esta laboura de escrarecemento axiña foi seguida por outros moitos galegos e as nosas caraiterísticas nacionaes, que nunca poideron ser suprimidas, inspiraron axiña un forte movimento de recuperación nacional, cuios feitos mais sobresaintes resumimos a continuación:**

**1808:** Perante a invasión napoleónica constituíuse a Xunta Suprema de Galiza, que firma un tratado de Federación con Castela, incluíndo como parte de Galiza o norte de Portugal, Oviedo e León, que restaura así a Galiza dos tempos románs.

**1837:** Con Nicomedes Pastor Díaz, Neira de Mosuquera e outros escrarecidos galegos comenza a renascencia literaria de Galiza que abre grandes hourizontes para a recuperación nacional galega o descubrir as esquecidas posibilidades do noso povo e o seu esprito europeo.

**1842:** Nas páxinas de "El Recreo Compostelano" comezase a forxar as bases do movimento coñecido pol-o rexionalismo galego.

**1843:** A Xunta Central de Galicia reunida en Lugo discute a proposta do patriota Antolín Faraldo "se debia ou non este antigo Reino decrararse independente", perdéndose a votación por un solo voto.

**1845:** Aparesce en Compostela "El Porvenir", orgao da mocedade galega, que a pesares da tiranía hespañola de turno n-ese ano, eispresou a vontade do noso povo en verbas tan nidias como éstas: "Non queremos ser máis que galegos".

**1846:** Xurde a Revolución Galega inspirada pol-a Xunta Suprema de Galiza, considerada a única revolución con esencia galega. No manifesto da Xunta o patriota Faraldo eispresa que Galiza "vai erguerse da súa humillación e abatimento" en que a ten sumida a corte madrileña.

Fracasa a revolución por inxerencias de intreses alleos a Galiza, e remata cos fusilamentos de Carral, pero o povo galego gardou sempre unha lembranza garimosa e un homaxe de agradecida ademiración para os que tomaron parte n-esta xesta nacional.

**1855:** Aparesce na Cruña "El Clamor de Galicia, dirixido pol-o historiador Vicetto, que fai unha xurdia defensa da nosa persoalidade nacional e dos nosos dereitos como povo diferenciado.

**1856:** Celébrase o famoso banquete de Conxo, no que estudantes e artesáns de Sant-Iago xunguíronse nunha aperta simbólica da identificación das forzas do traballo e da intelixencia para proclamar a unidade de Galiza e a solidaridade de todal-as crases para acadar o riunfo das ideas sostidas pol-a Xunta de Lugo, tan brilantemente eispresadas nos brindis dos poetas Pondal e Aguirre.

**1857:** Aparesce en Vigo "El Miño", que baixo a inspiración de Murguía realiza unha laboura de gran resoanza na tarefa da nosa recuperación nacional.

**1860:** Aparesce a revista "Galicia" que percura un entendemento das forzas políticas e inteleituales para lograr unha plea renascencia das nosas letras. O ano seguinte celébrase na Cruña os primeiros Xogos Frorales de Galicia, que adequiren axiña unha grande resoanza e convirtense num poderoso medio pra a renascenza cultural galega, e dan a coñecer a labeura de esgrevios poetas, aparescendo as primerias obras escritas integramente en galego.

**1863:** Na imprensa de "El Miño" editánse os "Cantares Galegos" da esgrevia Rosalía, mostra vibrante dos sentimentos do noso povo e aporte eistraordinario ao rexurdir nacional, que é saudado dende Cataluña como "un berro de guerra de Galiza".

**1865:** Vicetto e despois Murguía pubrican as súas Historias de Galiza, que constitúen os mais preciosos aportes para o coñecemento do pasado de Galiza, tan desvirtuado por alleos, e achando as raices do noso ser nacional trocan a "custión galega" en ideal patriótico.

**1868:** Con motivo da revolución que ten lugar ese ano Sánchez Villamarín elabora un plan de Facenda Cantonal co propósito de orgaizar a facenda de Galicia sobor de bases racionaes, distintas as que nos impón a centralismo.

**1873:** A pouco de instaurarse a primeira República celébrase en Sant-Iago unha Asambrea Popular que aproba por unanimidad a resolución de que "Unha vez plantexada en Hespaña a forma republicana federal de goberno, resolvemos exercer o dereito de iniciativa para orgaizar política e adeministrativamente o noso territorio".

**1883:** N-unha demostración única na historia política hespañola do oitocentos, o Consello Executivo da Rexión Galega prepara un proeito de Constitución ou Pacto Fundamental para o futuro do Estado Galego, que é aprobado pol-a Asambrea Federal do Territorio reunida en Lugo no 1887. O segundo artigo d-esa constitución di: "Esta Rexión eríxese en Estado Autónomo e Soberán e adopta a forma democrática republicana federal para o seu goberno"..

**1889:** Pubrícase o famoso libro de Brañas "El Regionalismo", primeiro compendio doctrinario do autonomismo galego, que tanto influíu no movimento catalán e que mereceu tan eloxiosos conceitos de Pi i Margall. Brañas con este libro co seu periódico "La Patria Gallega", os seus discursos e conferencias a eito esclareceu como ninguén os anceios de liberdade dos povos hispanos e sentou as bases xustas e posibles dun estado armónico para toda Hespaña.

Neste mesmo ano os galegos da Habana pubrican "El Regionalismo Gallego", de Murguía, no que se reclama para Galicia o dereito a vivir a súa propia vida, como lexítima nación. Como adhesión a doutrina sustentada por Murguía pubrícase un sonado manifesto político acusando ao estado hespañol de que "os galegos non podan vivir na súa terra".

**1897:** Créase na Cruña a "Liga Gallega" para a defensa de Galiza nos seus anceios de liberación política, que axiña se estende por toda Galicia e nas Américas, entre cuias tarefas podemos citar o erguemento do monumento aos mártires de Carral.

**1907:** Xurde o movimento de "Solidaridade Galega" que xunguíu tantas esperanzas e fixo un eistraordinario aporte a laboura de erguemento nacional, pubrica o famoso catecismo labrego e encita ao estabrecemento d-unha política eiscrusivamente galega.

**1910:** As Asambreas Agrarias celebradas en Monforte asinalan unha siñificativa etapa no espertar da nación galega e fan luz sobor do problema máis fondo de Galiza.

**1916:** Antón Vilar Ponte crea as Irmandades da Fala, que abren un novo ciclo na reafirmación dos dereitos nacionaes de Galicia tanto no terreo político como no cultural.

**1929:** Fúndase a ORGA, que no seu primeiro manifesto proclama que Galiza ten concencia da súa persoalidade e da súa misión no mundo, propuñando unha República Federal para Hespaña.

**1930:** As forzas republicans galegas firman o Pacto de Lestrove que di "...chegou a hora de que Galiza demostre querer ser libre e puxante" e decrara que "a República terá de ser Federal". N-esta ocasión nomeouse a Casares Quiroga para representar a Galiza na xuntanza republicán de San Sebastián, onde reclamou para a nosa Terra o mesmo trato que se dese a Cataluña.

No mes de setembro fixose unha xuntanza de persoalidades galegas no Pazo de Parrantes, pubricándose un documento no que se acusa ao centralismo dos males que sofre Galiza e recrámase unha compreta autonomía para conquerir o seu engrandecemento.

**1931:** Crease o Partido Galeguista que xungue todal-as manifestacións do rexurdimento galego, conferíndolles un definido contido político. Dende a súa creación o Partido Galeguista toma a iniciativa en todal-as manifestacións políticas do noso povo a prol da súa liberdade nacional, aspiracións que concreta na súa famosa declaración de principios: Galiza, unidade cultural; Galiza, povo autónomo; Galiza, comunidade cooperativa; Galiza, célula de universalidade.

O 6 de maio, poucos días despois de proclamarse a República, o Seminario de Estudos Galegos pubrica o proeito de Estatuto de Galiza, que viña preparando de tempo atrás.

O 20 de maio celébrase na Cruña

(Pasa a pax. terceira)

# Gran Homenaxe a Castelao do C. Coruñes

No casal de Sarandí 847, levouse a cabo o dia 4 do corrente mes de xuño, un gran aito de homenaxe conque o Centro Coruñés honrou a memoria esgreira do gran Castelao.

Consisteu o homenaxe no descubrimento dun cadro do mestre desparecido, obra do pintor arxentino Uxio Díaz, quen quixo testimoñar diste xeito, a ademiracion que a obra de Castelao esperta en todo esprito aberto os nobles ideaes da liberdade e do dereito dos povos.

Dou comenzo o aito, que contou con nutrida e calificada concurrencia, coa interpretación do Hino Galego polo coro "Aires de Vigo", dirigido polo maestre Maceiras, que foi escoitado con patriótica emoción pola concurrencia.

Asegnido o Sr. Ricardo Flores, presidente do Centro Coruñés pronuncio unhas axeitadas i-emocionadas verbas, ofrecendo o homenaxe da entidade, que sabe — dixo — ser fidel o máis eiscelso ideal que deben sentir os homes; o ideal de patria. A continuación ocupou a tribua o Dr. Fiz A. Fernández quen fixo un eiscelente estudo sobor da trascendencia da obra política patriótica e humán de Castelao analizando con fondo coñecimento do tema, as sucesivas etapas evolutivas do rexurdir da concencia galeguista, até plasmar na figura cume de Castelao, que xa a poucos anos do seu pasamento adequire xerarquía de simbolo.

Apos dos longos i-entusiastas aplausos, conque os concurrentes premiaron as derradeiras verbas do Dr. Fiz Fernández; falou o Segredario do Consello de Galiza Sr. Alonso Ríos, que pronunciou unha acesa e patriótica arenga, que arrincou dos presentes unha entusiasta ovación.

Dou remate o aito con novas e celebradas interpretacións do coro "Aires de Vigo", que gostaron pola enxebre e popular emoción conque foron executadas.

# O Ben i o Mal Que Nos Fan

Supoñendo que os gobernos da Hespaña tivesen algunha vez a boa intención de lle facer un ben a Galiza, e levar en adiante a intención, poderíase dar por seguro que, á curta ou á longa, ise ben se troca en mal; dito n-outras verbas: que o que lle donan a Galiza con unha man, sácanll-o coa outra.

Muito se fala agora en Hespaña de levar adiante, poñéndoa en prautica unha lei dintada en Madrí con criterio centraista, pra librar a Galiza dos males do minifundio, do esmigallamento da propiedade rural, males que, efeutivamente, eisisten na nosa terra, e que representan a outra cara da moeda hespañola: o latifundio que é un dos piores males que sofre Hespaña dendes tempo inmemorial.

Esa lei, chamada de Concentración Parcelaria, ainda supoñendo que a intención de quéns a dintaron sexa boa, vai a resultar mala pra Galiza porque é cuase seguro que ao que tende é a formar grandes propiedades con unha suma de pequenas, e como unha propiedade grande, ou simpremente regular, soio pode estar na man de quen teña medios de fortuna, capital, gando, ferramentas etc., vai resultar que os pequenos labregos ficarán desposuídos do pouco que teñen e na condición de simpres xornaleiros dos amos das terras, o cal será un novo medio de escravización tan malo, ou pior, que o de ser dono de unhas pequenas leiras, xa que restará as posibilidades de manter unha pouca independencia, unha certa libertade.

En Galiza o mal que repersenta o minifundio poderíase resolver, en boa parte ao menos, impoñendo un coleitivismo axeitado que lles permitise aos pequenos labregos traballar as suas terras en conxunto e repartir proporcionalmente os froitos que desen, de xeito de non esmigallar as enerxías no traballo feito por cada un isoladamente, de non perder espacio en cómaros, derregos, cabaceiras e fondales, e de conservar o gando, que axuda a traballa-las terras en mellores condicións: esa sería a mellor maneira de que o minifundio non fose tan antieconómico.

Pro, unha lei de Concentración que, a xuzgar pol-a definición da verba en sí, tende a xunguir, xuntar, reunir, arreixar, facer unha cousa grande de un conxunto de cousas pequenas, vai a ser feitora de un "proletariado", inzadora de xornaleiros, vai facer escravos dos amos da terra aos que eran escravos da sua pouca terra, de xeito que sairán da tixela e caerán nos tizóns sin remedio, ainda que lles indemnicen. Porque un pequeno labrego non pode ter medios pra ser dono de unha grande propiedade, nin habería propiedades grandes pra todos os pequenos labregos do persente.

Outra cousa que está sucedendo na Galiza é esa proliferación de lagóas, pantanos, diques, etc., pra estraer enerxía e fruído eleutricos pra Hespaña, e incruso pra a Franza, co que aquel ten un tratado de intertroque de enerxía; Galiza é un pais húmido que, salvo en mui pequenas estensións non percisa de regadío; logo, todas esas obras non lle son indispensábels á nosa terra, inda que ll-o seian a Hespaña. Non tratamos n-este lixeiro comento de desconecer que, con esas obras tamen Galiza se beneficia algo, pro, ¿canto se perxudica?

As beiras dos ríos galegos hai sempre poboacións e, con elas, prados, agros, veigas e terras que son o patrimoño das xentes, a sua riqueza, todo o que teñen pra vivir, en suma. Pra facer un dique, teñen qué desaparecer pobos enteiros, pequenas aldeias, casales isolados e todo o que teñen ao redor e, craro está, as xentes teñen que fuxir dos sitos en que naceron, deixar os lugares queridos e marcharse. ¿Pra donde? Ainda que as indemnicen pol-o que lles quitan, é facel adiviñar que non se poden ir aposentar a outros lugares, que non hai dispoñibles e que, se os houbese, non se poderían pagar co que se recibou pol-os que houbo que abandoar. Logo o fuxir é pra emigración e, dehí que Galiza se vai despoboando de galegos desgaleguizándose, perdendo muita da xente sua, por un "progreso" que non sabemos ao que nos levará. Esto non é cousa miuda porque un dique supon o sulagamento de grandes estensións de tarreo; ale pól-as beiras das Esturias, preto da Fonsagrada fíxose unha d-esas obras e as augas refuiren até dazasete kilómetros arriba. ¿Canto asulagaron? Hai d-abondos casos así. Na revista do Centro Gallego públicase a noticia de que vai a ser enlagoado o pobo lucense de Portomarín. ¿Que farán as xentes de iso pobo? Emigrar, pois, non lles resta outra cousa. Mentras tanto van a se aposentar en Galiza, como funcionarios do Estado Hespañol, ou como comerciantes nas cibdades, maragatos, sayagueses, montañeses, casteláns etc., es que, por certo, farán todo o posible pra que se vaia perdendo a esencia galega na nosa terra.

Estas cousas merecen un estudio mais fondo pro, así a luxeira fique chí sinalado que, cando Hespaña nos fai algun ben, se é que ten esa intención, sempre nos resulta mal. Dito en outras verbas: quítanos con unha man o que nos dona coa outra.

A. D.

## A Vontade Nacional de Galiza Eispresada etc.

(Ven da pax. segunda)

unha Asambrea magna da Federación Republicana Galega, discutíndose e aprobándose as bases para o Estatuto Galego, nas que se afirma: "Galiza é un estado autonomo dentro da República Federal Hespañola". O "segredariado de Galiza en Madride", o 'Instituto de Estudos Galegos" da Cruña e "Labor Galega" de Pontevedra traballan rexamente no perfeicionamento dos proeitos do Estatuto.

**1932:** O Concello Municipal de Sant-Iago convocou a todol-os ele. económicos culturales e políticos de Galiza a unha Asambrea para elaborar o Estatuto que debía ser sometido a plebiscito. A sesión de crausura d-esta Asambrea foi transmitida a Bós Aires, onde a coleitividade galega viña labourando intensamente a prol do movimento de liberación que se vivía na terra.

**1935:** O Partido Galeguista firma un pacto con Esquerda Republicana, siñado pol-o mesmo Azaña, no que as dúas entidades comprométense a loitar pol-a "autodertemiñación política de Galiza".

**1936:** Gañadas as eleicións pol-as forzas republicans, o 28 de Xuño realízase o plebiscito do Estatuto de Galiza, que non contou con oposición de ningunha forza política galega. Do 1.343.135 inscriptos no censo, 993.351 eleitores votaron a favor do Estatuto, que quedou así definitivamente aprobado. A coleitividade galega de Bós Aires tivo unha destacada aituación na campaña a prol do plebiscito e ocupar un lugar da meirande importancia no movimento de rexurdir nacional que nos ha de dar a liberdade.

# DIXO CASTELAO...

Galiza é unha nación perfeitamente diferenciada; pero a súa vontade política non podía compararse coa de Cataluña e a do País Vasco, o que non é motivo para negarlle o dereito a ser libre. ¿Mideuse algunha vez a vontade política do povo hespañol para saber se Hespaña debe ou non ser independente? Galiza tivo sempre unha "élite" de homes capaces de rexila (rexiron a Hespaña moitas veces e souperon mantela en paz) e non se pode medir a capacidade d-un povo pol-os resultados d-un referendum, e menos ainda por un referendum que as torpes eisixencias da Constitución obrigaban a mistificar. Por estos nós estábamos collidos antre dous deberes e sacrificamos todo ante a ideia de presentar ás Cortes da República o noso Estatutoe lograr a súa promulgación. Dispóis xanon teríamos máis que un deber: salvar a Galiza i engrandecela. Pero ese "dispóis" non chegou.

Pode esplicarse o menor grado de vontade política de Galiza en relación con Cataluña e o País Vasco. Primeiramente porque foi asoballada antes —con séculos de diferencia— e dispóis porque lle faltaron os órgaos vivificadores da concencia nacional. Por estos nós, que tíñamos un sentido vivo da realidade galega, endejamáis concordamos coa teoría catalanista, que medía orgulosamente os grados do "feito diferencial de Cataluña" pol-o resultado previsto do referendum popular. Así nós estábamos na posición de Almirall frente ás teorías de Pi i Margall, cando Cataluña era máis sentimento que ideia. Tampouco concordábamos cos vascos, que medían a capacidade política do seu país pol-o feitos violentos que realizaran cando abondaba medir os grados da súa diferenciación nacional, medidoh a través da súa fatalidade. Creo que digo verdade ao afirmar que unha Cataluña sen Barcelona —eso é a nosa Terra— sería un povo con menos vontade política que Galiza. Tamén se pode decir que o País Vasco, sen a lembranza viva das institucións que perdeu e sen o "concerto económico" que ainda conserva ,staría, de seguro, máis castelanizado que Galizaza. Nós basamos este suposto na estensión e vitalidade do idioma galego en lación co vasco. E a nosa antítesis encol da "tauromaquia" denota que o noso caráiter é único dentro de Hespaña. O resultado dos plebiscitos autonómicos marca bastante ben o grado de vontade popular política que ao marxe das diferenciacións naturaes eisistía nos tres paises, cando se proclamou a República: Euzcadi logrou un 80 por cento de votos avorfables, Cataluña un 75 e Galiza un 73. Todo dependía da maor ou menor distancia temporal en que xacían as liberdades perdidas. O País Vasco era un "feito diferencial" impulsado pol-a memoria; Cataluña era un "feito" basado non vontade; Galiza era un "feito" creado pol-a intelixencia e impulsado pol-a imaxinación.

## O NENO GALEGO XA SABE A SUA LINGUA...

A cotío escoitamos de moitas xentes esta disculpa para que o idioma galego sexa desterrado das nosas escolas, obligándolle aos nenos galegos a tortura de adeprender a leitura e demais coñecementos esenciais nun idioma eistrano como é o castelán.

A xuntanza de especialistas orgaizada pol-a UNESCO para estudar este problema manifestou pod unanimidade o seguinte:

En primeiro lugar, o neno non adeprendeu compretamente o idioma materno denantes de ir a escola. Adeprendeuno o suficente para os propios fins infantiles, pero ten de ampriar ainda os seus coñecementos n-ese idioma a medida que vai medrando. O neno ingrés ou francés adica unha grande parte do tempo que pasa na escola a estudar a súa lingua matern. En segundo lugar, a escola non lle enseña ao neno somentes a súa lingua materna, senón que emprega a súa lingua para enseñarlle mellor outras cousas.

UNESCO - Emprego das linguas vernáculas no ensino - páxina 52.

# DEFINICIONS

Por FIZ FERNANDEZ

O galeguismo, non é unha dentriña politica creada por un soio home. O galeguismo é a síntese da loita secular do povo galego por conquerir definitivamente a persoalidade universal que merecen os povos livres. É un movemento esencialmente democrático por esa raiz popular que lle deu ourixe e que lle sigue nutrindo a cotío. É un movemento esencialmente patriótico porque recoñece como finalidá da súa loita o conquerimento da libertá d-un povo. É un movemento de homes valentes até o sagrefizo como o demostra o ronsel de mártires que siñalan o seu roteiro.

I-é un movemento cultural, porque ao seu servizo está toda a creación do povo galego. Todo galego demócrata e conscente da responsabilidá que lle concerne diante do seu povo traballa no seu circulo ou ambente, valentemente e incruso até o sagrefizo, en col dos intereses da súa Patria Traballa por un movemento onde á par do enaltecemento dos valores culturales mantense ergueita a bandeira da reivindicación das libertades politicas no orde social e nacional. I-este movemento chamado galeguismo, non é unha finalidá pro politico profesional, nin o medio pre servir intreses alleos ao noso povo, senón que é redondamente o medio creado pol-o povo galego con aportes de todas as crases de homes en procura da sua definitiva liberación. Así entendido, a politica pode estar a o servizo do galeguismo mais non este a o servizo da politica nin dos politicos. N-este senso ningún galeguista sensato débese sentir nin por enriba nin por embaixo d-outro galego. A súa superioridá será eisclusivamente conquerida pol-o desintrés e pol-o sagrefizo sendo a súa xerarquía produito do consenso dos seus compatriotas; non eisistindo pois pros galeguistas mais que unha crás de galegos: os que aman e defende a nosa Terra.

## ALBERTO INSUA I-A PROSA GALEGA

(Ven da primeira)

compoñen as súas obras maiores no idioma castelán". O ausurdo deste tópico salta aos ollos. Pois, é cécáis a espresión poética artisticamente inferior á da prosa? Sinceramente non sabemos de quén poida atreverse a soster tal cousa. Si un idioma chega ao poder de síntesis, á elaboración e seleición verbal, á velaíña beta, propia i-estrana, do outo poema, non cabe dúbida algunha de que ele é instrumento calificado e preciso para calquer prosa, literaria ou centifica. I-o demais é cháchara hespañola. O noso idioma está ahí, feito baril e doce como a alma do povo que o crion. Ricazmente espresivo, coa mesma vitalidade das linguas neolatinas. Incólume, co feitizo do seu poder máximo, vencedor da doma castelán de cinco séculos. Ahí está docil e garimoso a espera do escritor que desexe pulsalo. Incomparabel vehículo de toda a varia e brilante prosa do grorioso mestre e patriota Castelao.

..As imprecisions do Sr. Insua, son evidentes. Non fai discriminación de nomes. Para ele Xulio Camba e igoal que Otero Pedraio. Para Galiza, é públlico e notorio que non. Os escritores do fato que ben pode abranguer o nome de Camba, son o froito dunha envilecedora rutina histórica que ergueu nos seus corazóns un sentimento falso, non acorde coa realidade vital da sua persoalidade ou do seu esprito. Asimilados ficam emocionalmente invalidados para as obras de grande alento, de fondo sentimento humán. Estes escritores pertecen enteiramente ao ámpito das letras casteláns. Os homes do fato que pode simbolizar o nome de Otero Pedraio, son emocionalmente galegos pol-a esaltación que fan de Galiza e dos seus valores nas duas linguas. Craro, o sentimento galego neles non se manifesta ainda coa forza da sua pureza, xurde un pouco enturbiado pol-o prexuicio hespañol. Para nos, digamos, xa non representan ningún fito. Son eslabóns precisos dun proceso histórico que vai realizándose e cuxa meta, idealmente acadada, é Castelao, bandeira e fito do galeguismo. Ele, ao igoal que as grandes figuras da humanidade, anticipouse ao seu tempo, e foi refugador implecábel desa rutina histórica, culpabel do longo silenzo de Galiza. Home enxebremente galego coma l-auga cristaiña dos nosos regatos. Corazón doído da dor secular do seu povo, pro firme, rexo, ergueito coma un carballo das nosas ledas carballeiras. A persoalidade máis universal da Terra de Breogán a quén acaba d-esquecer o Sr. Insua, porque a soia mención do seu nome achucha as suas retortas ambiguedades.

B. SOUTO

## DO ESTATUTO DE GALIZA

**O artigo 10o. do Estatuto de Galiza di: "Toda lei votada pola Asambrea será sometida a "referendum" popular, cando o pidan, un número de eleitores non inferior ao quince por cento do censo".**

Co seu Estatuto Galiza tería únicamente as leises que o povo quixera e non sufrirían os máis o aldraxe de que todo o povo galego pague os favores que se lle regalan a algunha rexións de Hespaña.

# Galegos no Brasil

Os galegos residentes no Río de Xaneiro, agrupados na Casa de Galicia, entidade dunha rexa traeitoria na defensa dos dereitos da nosa Terra contra a tiranía falanxista, veñen desenroiando unha siñificativa laboura a prol dos probremas da nosa recuperación nacional. En outras ocasións xa nos fixemos eco das aitividades deses galegos e hoxe queremos comentar eispecialmente algunhas delas, que por crcunstancias casuaes non podemos reseñar no devido tempo, en razón dunha lamentabel demora no recibo das informacións.

Co gallo do cabodano do pasamento de Castelao, a Casa de Galicia de Río de Xaneiro orgaizou o pasado día 7 de xaneiro un siñificativo e trascendente aito, no que pronunciaron sentidos discursos de eisaltación patriótica e de lembranza do guieiro galeguista, os señores Víctor M. Balboa, e Serxio Gómez. Un ambente de afervoado patriotismo viveu a coleitividade galega de Río perante esa xornada, promiscria dunha intensa e froitífera laboura a prol dos probremas que abranguen hoxe a Galiza e que incorporará a todol-os galegos d-aquela cidade a tarefa de recuperación das nosas liberdades nacionaes.

Outro feito fondamente siñificativo foi a constitución nesa cidade da "Ala Galeguista" que agrupará a todos los galegos que desexen sumar os seus esforzos no espallamento dos ideas de redención para percurar a solución dos probremas que contan aitualmente as angueiras do povo galego. Entre os integrantes de "Ala Galeguista" queremos citar especialmente aos señores Víctor M. Balboa Perfecto González Vázquez, Adolfo Rodríguez Alonso, Xosé Rodríguez Pampillón, Xosé Miguel Carballo, Xosé Rodríguez Beleiro e Serxio Gómez Rodríguez.

A coleitividade galega de Río de Xaneiro tamén estivo presente na patriótica campaña de protesta po-o perseguimento que o falanxismo ven desenrolando contra o idioma galego. Os folletos co artigo do poeta arxentino Francisco Luis Bernardez e coa protesta elevada pol-os galegos de Bós Aires a Unesco, foron espallados entre os galegos d-aquela ... i-entre persoeiros e diarios brasileiros, acadando un fondo eco ese probrema tan candente da nosa loita pol-as liberdades de Galiza. Continuando esa laboura, o 22 de maio derradeiro, o señor Víctor M. Balboa pronunciou ademáis un importante discurso en col do "Perseguimento da lingua galega", no que espuxo a fonda siñificación que o idioma ten no desenrolo d-unha ... cionalidades e a necesidade de manter unha defensa rexa do noso idioma.

Con fonda ledicia consiñamos estas noticias sobor da aición dos galegos resdentes no Brasil, os que en pouco tempo esperamos ver ocupando un lugar destacadísmo entre os orgaismos galegos que en América labouran sin descanso a prol do rexurdimento do noso povo e da nosa recuperación nacional. As nosas felicitacións aos orgaizadores dos devanditos aitos e os nosos desexos de que novos e máis grandes éisitos premien a patriótica laboura de Casa de Galicia e dos seus dirixentes.

## DO ESTATUTO DE GALIZA

O artigo 15 do Estatuto establece os dereitos de Galiza a orgaizar o ensino da súa mocedade de acordo con plans axeitados a súa reaidade social i-económica. Así non padeceríamos máis as consecuencias d-unha escola rural ou mariñán enseñándolle aos nenos as mesmas cousas que os nenos d-unha cidade como Madride, Valencia ou Sevilla. Nas nosas Normales, Institutos e Universidades non se daría máis o feito vergonzoso de seguir estudos de varios anos e non estudar nunca unha migalla de xeografía, historia e literatura do noso povo.

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO
1 - Galiza, unidade cultural.
2 - Galiza, povo autonomo.
3 - Galiza, comunidade cooperativa.
4 - Galiza, célula de universalidade.

# A NOSA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

Déspotas insensatos,
forxa, forxade grilos
Pode oprimir o ferro
Un corpo enfraquecido;
Mais as nobres ideias
E gloriosos instintos...
Eses... non pode non, o duro ferro,
Nin a morte extinguilos.

EDOARDO PONDAL

Año XXXIX — Núm. 495 ★ Bós Aires, Xuño de 1955 ★ Redaición - Administración: Rúa BELGRANO 2186

# FIESTRA â TERRA

**"Dieciocho embarcaciones de bajura serán construídas en La Coruña antes del mes de junio. — Una subvención de 700.000 pesetas de la Caja Central de Crédito del Instituto Social de la Marina. — Importantes acuerdos de la Junta Provincial de Proteccion Pesquera".**

"En la Sala de Juntas del Gobierno Civil, y bajo la presidencia del gobernador y jefe provincial del Movimiento, señor Graciá Martínez, se reunió en la mañana de ayer la Junta Provincial de Protección Pesquera, que adoptó importantísimos acuerdos en orden a los problemas que afectan a la pesca y sus derivados. Asistieron los vicepresidentes, comandante militar de Marina y delegado provincial del Trabajo; el delegado de dicha Junta y del Instituto Social de la Marina, señor Martínez Barjacoba; el ingeniero jefe del Grupo de Puertos; el jefe de la Sección de Pesca de la Comandancia de Marina; el jefe provincial del Sindicato de la Pesca y el señor Pérez Riveiro, vocales permanentes de dicha Junta".

Baia unha xenerosidade a que revelan istes axentes do centralismo español. Conceder un préstamo de 700.000 peseta, pra costruir embarcacións a un porto pesqueiro que como o da Cruña, prodúxolle o Estado o deradeiro ano 211.982.400 pesetas de pesca. E pra ista miseria, que prestan de seguro a bon intrés, foi mester que se xuntara tanto "peixe gordo", cada un dos cales e capás ed gañar esas 700.000 pesetas estraperlando berberechos poñamos por caso, e que un xornal galego dea a noticia como si se tratara de algo importante, cando de verdade máis poderia tomarse como unha tomadura de pelo, ou un insulto a nosa diñidade de galegos!

## TIRANIA VERSUS PROGRESO

A cibdade do Ferrol e unha das mais progresistas de Galiza e que mais desenrolo acadou nos derradeiros anos.

Pois ben ésta cibdade que en conxunto coa bisbarra ten máis de 150.000 habitantes, que conta no seu seo con duas faitorias de costrución naval e outras industrias que dan ocupación a uns 20.000 obreiros: fica comunicada co resto do noso país por unha vella e insuficiente estrada que non foi reparada dende 1924, e por un ramal ferroviario de 43 Km. que a enlaza coa liña do Norde servido por material vello e inaxeitado.

**Os xornales claman por mellores e mais modernos trasportes, pero os clamores galegos namentras non vaian acompañados co abranguer do estodullo, serán VOX CLAMANTIS IN DESERTO.**

## COUSAS VEREMOS?...

Con grandes tíduos anuncia o xornal "La Voz de Galicia", o proieto aprobado polas autoridades falanxistas. da creación da Universidade Laboral de Galicia, que se erguerá na cibdade da Cruña, no termo de Culleredo pra sermos mais concretos.

Presupóstanse as obras na suma de 200 millóns de pesetas, habéndose suscrito con 4 millons a Diputación Provincial. e con 1 millón o Axuntamento.

¿Será algún dia realidade de ésta aspiración galega?

**Nos que coñecemos dabondo a mentalidade retardatoria do Estado Espanol, coidemos que isto como o Porto Pesqueiro do Burgo, o Aeródromo de Alvedro, o Porto libre de Vigo, e tantas outras necesidades galegas; poderan ser feitos cando os paguemos nos e ainda pra elo teñamos cecais que pagar alcábala.**

## LOBOS DA MESMA CAMADA

Na cibdade da Cruña, tivo lugar derradeiramente, o solene aito de lle impor o seu alcalde as insinias da "Gran Crus do Mérito Civil", que lle fora concedida polo goberno falanxista.

Levouse a cabo a cirimonia, o decir dos xornales galegos, nun ambente de eiscecional solenidade, sendo presidido por toda las autoridades, entre as que se atopaba — cando nón — o Cardenal Arzobispo de Compostela sua eminencia doutor Quiroga Palacios que xunto o "Xefe Provincial do Movimento Sr. Graciá Martínez i-o mouro Mohamed Mezian amostranse ponchos e satisfeitos, namentras o povo sofre miserias i escravitude, ou busca na emigración o sosten dos seus fogares.

Que xusta era a eisortación do gran poeta mundoniense Leiras Pulpeiro cando afirmaba:

**¿Que agardan os probes que a pouce no abranguen i-a sua ben feita non tan dunha ves?**

## A DESPOBOACION DO CAMPO GALEGO

**Con iste tíduo, analiza un xornal vigués, o grave problema económico social que costitue pra Galiza o ésodo en masa da nosa poboación rural ;decende entre outros conceitos: "O fenómeno da despoboación do campo que dende longos anos arrastra Galiza non é certamente novo, pero agudizouse agora dunha maneira realmente alarmante.**

**"O campesiño se non atopa a gosto no campo, porque olla que o seu esforzo, de cote empregado nas terras, lle non resulta compensador".**

**Certo, moi certo. O que xa non é certo, que a solución diste grave problema poida atoparse como coida o xornal devandeito dándolle á nosa agricultura axeitada proteición.**

**Os problemas de Galiza agravanse a medida que aumenta o dominio centralista do noso país, e soio se resolverán erebando de xeito total os vencellos que nos xunguen o Estado Espanol.**

**A. Bermudez y Cía. S. R. L.**

IMPORTACION DE

Tecidos — Encaixes — Etaminas — Puntillas

SALTA 273-75 T. E. 37-5848

# A CRISIS DA PESCA GALEGA

Parecerá paradóxico afirmar, que a riqueza pesqueira de Galiza, estea pasando aitualmente por un intre de grave crisis, tendo en conta, que os índices de captura das diversas especias, veñen arrequentándose de ano en ano; e non embargantes elo costitue unha triste raelidade.

¿Cmo e posibel que a nosa riqueza ectícola háchese en crisis, considerando que, no porto de Vigo entraron no derradeiro ano 55.343.953 Kg. de peixe cuio importe en pesetas poi 278.516.362, e que engadidos os 35.259.872 Kg. valorados en 211.982.400 vendidos na Coruña, totalizan 90.603.825 Kg., equivalentes a 490.498.792 peseta, somentes nos dous principales portos galegos?

Moitos son os faitores que inciden nas causas determiñantes dista situación, cuia soia enunciación non pode abranguerse na brevedad dun artigo. Emporiso que compre hoxe analizar, un aspeito do problema de tanta importancia como é o da comercialización dos produtos do mar, na que ficasen dúvida unha das causas principales da situación que comentamos.

Fai poucos días, xuntáronse en Madride, distintas representacións do comercio ictícola, co gallo de lle buscar solución os destintos problemas que impiden o axeitado desenrolo do comercio devandito. Desgraciadamente sin ningun resultado práitico a xusgar polas conclusións a que arribaron; xa que según as noticias publicadas nos xornales, cinguironse a solicitar das autoridades, a rebaixa do prezo do gas-oil e das tarifas ferroviarias; como si con tales medidas, xa quedaran arranxados os desaxeitados sistemas que na comercialización de riqueza pesqueira se veñen pondo en práitica, dos que remanece a menguada ventabilidade das especias capturadas.

Non nos estraña rén a probeza de ideas e a falta de capacidade posta de manifesto polos congresistas, a xusgar polos acordos adoitados, porqui siguen a trabucada e inveterada costume que xa e tradicional en Hespaña, a de querer sesolver problemas ollando solo a sua face superficial, sin queren, ou sin saber afondar neles, pra lles hachar o seu orixen, a sua rais, e procurar nela a lóxica e aveitada solución.

Estamos dacordo en que o sistema de trasporte peninsuar e certamente unha remora, que non permite o lóxico desenrolo dunha riqueza que, como a pesqueira, ten mester dun rápido traslado do porto de produción o lugar de consumo, por tratarse dun produto no que facilmente se orixinan perdas por descomposición. Si ouservamos a tara dos vagóns empregados, anterga e ausurda, e os métodos usados como o de trasportar o peixe con todo o peso que supoñen as agallas e demais subprodutos, atoparémonos que se pagan fletes polo que poderiamos denomear "peso morto", có agravante de que se perden prá economía galega, os devanditos subprodutos, empregados nos países adiantados de Europa na fabricación de óleos e fariñas.

Pero non é somentes éste aspeito da custión, o que se ten de encarar; fálse indispensabel unha completa racionalización téinica dos anárquicos e atrasados sistemas de comercialización que se empregan na aitualidade; cal son as vendas de peixe en comisión, levadas á práitica por maoristas parasitarios, que non teñen ninguna ha razon de eisistir, nun comercio do que se nutre unha parte considerabel do povo, e que costitue un dos sostens básicos da economía do noso país.

As costas de Galiza son as máis ricas da peninsua, non embargantes, no rendimento pesqueiro por home e por ano, ocupano penúltimo lugar, a pesares de que as nosas especeas, son as de mellor calidade. Pero de nada valerá ter moito e bon peixe, si logo non se outen del o beneficio correspondente.

Dendo logo que non estamos no caso de nos faguer elusións por congreso ou xuntanza mais ou menos, porque temos a ausoluta e total seguridade, de que istes problemas, somentes han ter arranxo cando teñan direita intervención neles, o único elemento capacitado pra elo; o elemento produtor. Mentras así non aconteza, ollaremos con fondo pesar a triste realidade da nosa rica e-esventurada terra, outrora ainda non lorixana, a esportadora das conservas de peixe de máis crete e sona no mundo enteiro, como ven perdendo de cote a sua posicion, namentras outros países mais práticos e realistas, como o noso veciño Portugal, arrequentan cada ano máis a sua esportación conserveira, col aconteceu no derradeiro ano de 1954, no que namentras en Vigo entraron somentes 2.000.000 de Kg. de Sardiñas, Portugal esportaba 32.082.904 Kg. con un vaor de 618.704.496 escudos.

# ESTAMPAS

Por RAMON DE VALENZUELA

## INTROITO

Imos escomenzar unha serie de artigos curtos encol da historia da nosa Terra, máis ben unhas estampas que marquen as cotas de triangulación da sua vida. Da vida de Galiza, sempre engadida; sempre, absolutamente sempre; incluso entre os feitos que distan, uns de outros, unha dominación estranxeira ou unha revolución relixiosa.

As veces semella que a continuidade se rompera cando a xeografía loita coa raza ou entrambas contra do misterio abrumador alleo, pero a ligazón pode mais; tanto, que se comentamos os pirmeiros tempos, podemos pensar que estamos enxuiciando o presente.

Imos a facer estampas. Estampas planistas, verdadeiras, e non rococós con somas difumiñadas. Estampas de un pais constructivo, medularmente san e creador. Trunfador cando se meteu en sí. Fracasador cando se deixou levar por alleos xeitos, por estilos contrapostos.

A Humanidade saeu gañando coas impoñentes creacións dos nosos abos no tempo en que Galiza era cabezaleira da cultura europea. Xa saira gañando tamén a vella Roma solprendida diante dos castros e das danzas druídicas.

Eran os nosos antergos ricos en honradez, honestos, traballadores, amantes do veciño, sociables; mais a sua sociabilidade e a sua movilidade de esprito levounos a ademirar o romanismo, a decir de Hubert, apaixoadamente. Un romanismo requintado e decadente, que fixo rebrandecer o seu esprito.

Os Celtas eran poetas da política e sempre foron trunfando e facendo mentras a poesía privou. Cando os románs se achegaron a Galiza e pasaron por riba das cinzas do monte Medulio, xa facía un século que desoiran as voces de Catón o Censor e moitos séculos que Numa lles contivera o epoismo da conquista. Estaban de moda os poetas novos que amostraban o século de ouro latino.

A moda.

A moda e un xeito contraditorio do tradicionalismo. A innovación e o progreso. A moda e a estupidez. O noso povo quixo anovar e trabucouse por pirmeira vez.

Despois viñeron soldados que sabían recitar anacos das Bucólicas e pasaxes das pónticas. Presentian xa a elegancia dos vestidos de Petronio.

Os druidas foran xa calando nos seus cantos e os castros estaban a criar herba no cume. Veñen os conventos xurídicos e nascen as cidades de Tui e Lugo.

Pero o povo sigue engadindo, enfiando a sua tradición céltica. Rexurde en sí e colle nas suas aldeas a forza desta tradición que se lle achega. As cidades son as que viven o romanismo requintado e decadente. Nas aldeas continúa, como denantes do Medulio, impoñéndose a comunidade agraria. Sendo xente de traballo, de honradez, de sociabilidade. Deixándose ir, senón do Druida, de algún outro veciño, que, por ser cristián, non deixaba de ser outro poeta da política.

## GRANDE AITO CONMEMORATIVO

DO 19 CABODANO DO

# Plebiscito Galego

**A REALIZARSE O DIA 28 DE XUNIO AS 21.30 NO CASAL DO CENTRO PONTEVEDRES,**

SARANDI 847

— PROGRAMA —

1a. PARTE:

Aituará a Coral "Bretemas e Raiolas" baixo a direición de Xulio Anta.
Hino Galego.
Xota, Baila Baila; Pandeirada.
Camiño da festa, Muiñeira infantil
Alalá de Muxía.
Foliada de Cerdedo.
Alalá de Valverde.
Muiñeira con parellas de baile.

2a. PARTE:

Verbas do representante dos governos vasco e catalán, falando pol-a coleitividade galega Ramón de Valenzuela e pol-o Consello de Galiza o señor Antón Alonso Ríos.